



SAL. 001121 30.01.12 14:38  
CONVOCATORIA

**RESOLUCIÓN DE 30 xaneiro POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) QUE SE ACOLLAN AO SISTEMA DE INTERCAMBIO CON UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS (SICUE) PARA O CURSO 2012-2013.**

#### **OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A USC convoca prazas de intercambio para o curso 2012/2013 coa finalidade de potenciar a mobilidade dos estudantes da USC con outras universidades españolas no marco do programa SICUE.

#### **REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS**

Requisitos que deben cumprir os/as candidatos/as para solicitar a mobilidade:

Estar matriculado na USC en estudos oficiais agás os sinalados no punto 4 desta convocatoria e ter superados na USC:

*Planos renovados:* ter superados un mínimo de 30 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis en Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas e Arquitectura Técnica; 90 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis en Licenciaturas, Enxeñaría e Arquitectura.

*Planos non renovados:* ter superados como mínimo a metade das asignaturas do primeiro curso da titulación en Diplomaturas e Enxeñarías ou Arquitecturas Técnicas e o equivalente ao curso e medio en Licenciaturas, Enxeñarías ou Arquitecturas, e estar matriculado en non menos da metade de asignaturas do equivalente a un curso académico.

*Ensinanzas de Grado:* ter superados un mínimo de 60 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis.

**O requisito de superación de créditos deberá cumprirse a 30 de setembro de 2011.**

3) Así mesmo establécense os seguintes requisitos para os alumnos de titulacións de só segundo ciclo ou ben dun segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe (segundo os plans de estudo anteriores ao RD 1393/2007 de 29 de outubro):

Para o primeiro ano destas titulacións non se poderá solicitar intercambio SICUE. O estudante poderá solicitalo unha vez que se atope matriculado no primeiro curso, para o seguinte, sempre que cumpra o resto dos requisitos que establece esta convocatoria. Para o número de créditos superados se terán en conta os seus estudos de primeiro ciclo.

• Cálculo da nota media destes alumnos: se terán en conta a media do primeiro ciclo mais os créditos que o alumno puidera ter superados a data 30 de setembro do curso anterior ao da solicitude. É requisito para solicitar un intercambio SICUE nestes casos estar matriculados dun mínimo de 30 créditos.

4) Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os planos de estudo de master e de doutorado.

5) No caso de intercambios entre Universidades presenciais e non presenciais, será requisito necesario para que poidan concederse que exista un cambio efectivo de residencia.

### ACORDO ACADEMICO

- 1) A mobilidade do estudante basearase no acordo académico, no que se describirá a actividade que se desenvolverá no centro de destino, que será recoñecida automaticamente polo centro de orixe. En ningún caso poderán ser incluídas nos acordos académicos materias cualificadas con suspenso con anterioridade na USC.
- 2) O acordo debera incluír un mínimo de 24-45 créditos ECTS (para unha estancia Sicue de 5-9 meses respectivamente) sen prexuízo dos límites mínimos establecidos para optar á bolsa SENECA.
- 3) Un mesmo beneficiario non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade, nin máis dun en cada curso académico.
- 4) O acordo académico só poderá ser modificado no prazo de 1 mes a partir da incorporación do estudante ao centro de destino.
- 5) O número de convocatorias ás que ten dereito o estudante serán as que se levan a cabo na universidade de destino para esa asignatura e curso académico. Se poderán cursar optativas do plano de estudos da universidade de destino, non incluídas no plano de estudos da universidade de orixe, incorporándoas posteriormente ao expediente do alumno na universidade de orixe como optativas ou como libre elección.
- 6) O acordo académico aceptado polas tres partes implicadas (alumno, centro de orixe e centro de destino) terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes e só poderá ser modificado no prazo dun mes a partir da incorporación do estudante ao centro de destino.
- 7) En ningún caso poderán ser incluídos nos acordos académicos asignaturas cualificadas con suspenso con anterioridade no Centro de orixe. Si poderán incluírse asignaturas matriculadas pero ás que o estudante no se tivera presentado e aparezan cualificadas con "no presentado". Non se asinarán acordos académicos cunha temporalidade diferente á subscrita nos acordos bilaterais.

## DOCUMENTACIÓN

Os estudantes que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso telemático de solicitude de mobilidade coa elección de 3 universidades de destino
- Memoria xustificativa da súa petición (2 folios máximo)

## PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Só se aceptará a solicitude en liña, que estará dispoñible na Secretaría Virtual dos estudantes.. **O prazo de solicitude será do 1 ao 20 de febreiro de 2012**

## LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DA CONVOCATORIA

Consonte có Artigo 60.5.b), o taboleiro de anuncios no que se efectuarán as sucesivas comunicacións será o da Reitoría, sen prexuízo da súa publicación complementaria en medios electrónicos ou noutros taboleiros da USC.

## ADMISIÓN DE ASPIRANTES

A Vicerreitoría competente publicará, nos días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no taboleiro da Reitoría e na páxina web do Servizo de Relacións Exteriores ([www.usc.es/internacional](http://www.usc.es/internacional)) a relación de estudantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

## COMISIÓNS DE SELECCIÓN

En cada un dos centros da USC nomearase unha comisión de selección encargada da selección dos estudantes, composta por un mínimo de tres membros, obrigatoriamente un deles será o/a coordinador/a SICUE do centro.

## SELECCIÓN

A selección de candidatos para participar nos intercambios farase valorando os aspectos académicos e na xustificación e interese da proposta de mobilidade. As solicitudes ordenaranse tendo en conta que cumpran os requisitos de intercambio SICUE (número de créditos ou asignaturas superadas, número de créditos ou asignaturas matriculadas, non solicitar intercambio de asignaturas suspensas e que o período de intercambio coincida co indicado nos convenios bilaterais). Ós estudantes que non cumpran estes requisitos seralles denegada a petición sen entrar a valorar o seu expediente académico.

A selección dos estudantes comprenderá dous apartados diferentes:

- a) Nota media de cualificación.
- b) Memoria xustificativa (máximo 1 punto)

Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o **30 de setembro de 2011**.

Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, agás o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

Cando se trate de titulacións de segundo ciclo, a nota media acharase tendo en conta as cualificacións obtidas nos estudos de primeiro ciclo desde os que se accede á nova titulación. Para as asignaturas adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos nos que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación.

A nota media do expediente académico de cada alumno calcularase de acordo co establecido no artigo 5 do R.D. 1125/2003; isto é: suma dos créditos CUALIFICADOS ao alumno multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, de acordo co Baremo recollido en dito R.D., e dividida polo número de créditos totais CUALIFICADOS NO SEU EXPEDIENTE. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán a efectos de cómputo de la media del expediente académico.

Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou algunhas das asignaturas, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da asignatura convertirase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra.	10,00 puntos
Sobresaliente.	9,00 puntos
Notable.	7,50 puntos
Aprobado.	5,50 puntos
Suspenso	2,50 puntos

## RESULTADO FINAL

Finalizada a fase de selección, as comisións de selección elaborarán unha proposta de resolución (con seleccionados e suplentes) que farán pública nos taboleiros dos centros. As prazas distribuiranse por orde de puntuación. No se poderán adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais.

Relacionaranse os estudantes por orde de puntuación dentro de cada universidade e titulación. A USC comunicará aos interesados a resolución de mobilidade SICUE antes do 20 de marzo de 2012.

Contra esa proposta os interesados poderán presentar unha reclamación perante a Comisión de Selección no prazo de 10 días naturais, contados desde a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo, e analizadas, de ser o caso, as reclamacións, remitiráselle a proposta á Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización.

As reclamacións só serán atendidas cando concorra unicamente algunha das circunstancias seguintes:

- a. Que se incorrese en erro por mor de interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- b. Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- c. Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

Una vez resoltas as reclamacións, e ao mesmo tempo que se envíen ao Ministerio de Educación, enviarase á CRUE a resolución definitiva (Impreso B). O resto de candidatos que reúna os requisitos pasará a formar parte das listas de agarda, por se se producisen renuncias, ordenadas por rigorosa orde de puntuación. Estas renuncias só serán atendidas mentres no prexudiquen procesos posteriores (ex. Bolsas SÉNECA).

A praza de mobilidade SICUE non dará lugar ao aproveitamento de axuda económica. Con todo, para poder solicitar a bolsa SÉNECA é indispensable obter previamente unha praza de mobilidade SICUE ao abeiro desta convocatoria, e cumprir os requisitos que estableza o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

## **RENUNCIAS**

Os estudantes que obteñan unha praza de intercambio SICUE disporán dun prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte á publicación da relación definitiva para RENUNCIAR a súa praza. As renuncias presentaranse por escrito no Servizo de Relacións Exteriores (SRE) no modelo de renuncia do programa SICUE.

## **OBRIGAS DOS/AS ESTUDANTES SELECCIONADOS/AS**

Os estudantes que sexan seleccionados están obrigados a:

- Matricularse na USC nas datas que se determinen.
- Unha vez na universidade de destino os estudantes deberán:
  - Dirixirse á unidade administrativa correspondente, achegando: exemplar do acordo académico debidamente asinado pola USC, que se asinará na universidade de destino e devolverase á USC

- nun prazo non superior a 30 días a contar dende a súa incorporación.
- Matricularse na universidade de destino tendo en conta que as taxas de matrícula serán aboadas exclusivamente na USC.
  - E obrigatoria que o alumno Sicue envíe á [ore@usc.es](mailto:ore@usc.es) (dentro dos dez días posteriores á suá chegada a universidade de destino) o formulario de **certificado de chegada** que se atopa [http://www.usc.es/gl/gobierno/vrrelins/portal\\_internacional/sicue\\_s\\_eneca.html](http://www.usc.es/gl/gobierno/vrrelins/portal_internacional/sicue_s_eneca.html) xunto co resto dos documentos da presente convocatoria.

### NORMA DERRADEIRA

O procedemento de concesión destas prazas considérase iniciado de oficio pola presente convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos Artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Con todo, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, luns, 30 de xaneiro de 2012

O REITOR  
Por Delegación (R.R. do 1 de agosto de 2011/DOG 18/8/11)  
O VICERREITOR DE RELACIÓNS EXTERIORES e  
INTERNACIONALIZACIÓN



Victor Millet Schröder